

# Bo proveito

Esa mañá, como todas, Elisa regresaba á súa estación no Sar. Ao chegar, recollía as súas redes. A profesión de rescatador estaba en auge, e Elisa repartíase a torta cos seus compañeiros e compañeiras do Tambre e do Sarela. Deixou o botín sobre o chan metálico da instalación. O seu obxectivo era colectar plástico que vender logo no mercado da Quintana.

Tan pronto como se decidiu a inspeccionar o conseguido, a súa vista desviose cara unha gaivota morta. Colleu o cadáver, non sen antes tomar as precaución hixiénicas precisas, e procedeu a fender o seu coitelo no peito do animal. Estas eran oportunidades que non podía desperdiciar, moitas veces son aquelas nas que se atopa o mellor material. Das súas tripas extraeu o que parecía un coche de xoguete. E dos caros. Un sorriso esbozouse na cara de Elisa. Sacaría moito por isto. Que marabilla era isto do plástico!

Índigo

***Categoría: ESO***

***Tipo de relato: clásico***